



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE POIO PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS ARQUEOLÓXICOS NA ILLA DE TAMBO (POIO, PONTEVEDRA)

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, Don José Carlos López Campos, que actúa en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra, Don Ángel Moldes Martínez, que actúa en representación do Concello de Poio, en virtude da súa condición de alcalde da citada corporación, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ambas as dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de colaboración e polo tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que con data 14 de agosto de 2025, asinouse un convenio de colaboración entre a consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Poio para a realización de traballos arqueolóxicos na Illa de Tambo, (Poio, Pontevedra).

Segundo: que na cláusula quinta do convenio, no apartado "prazo para a presentación da documentación xustificativa", establécese que o prazo máximo de presentación coincidirá co do período de vixencia do convenio.

Terceiro: Que a cláusula oitava do convenio establece que o período de vixencia do convenio será dende o día da súa sinatura e ata o 30 de outubro de 2025.

Cuarto: Que con data 25 de setembro de 2025 o concello de Poio presenta escrito de solicitude de ampliación do prazo de xustificación, argumentando que debido á complexidade dos traballos a acometer é necesaria unha ampliación do prazo de xustificación ata o 20 de decembro, xa que non é posible executar o convenio no prazo inicialmente establecido. Así mesmo, tal como recolle o concello en escrito do 17 de



outubro a sinatura do convenio coincidiu coas vacacións do Secretario Xeral o que dilatou a sinatura e a adxudicación do inicio dos traballos.

Quinto: Que con data 7 de outubro de 2025 o Servizo de arqueoloxía emite un informe no que constata a complexidade dos traballos e se informa favorablemente a ampliación do prazo de xustificación do convenio.

Por todo o anterior e de conformidade co exposto, as partes **ACORDAN** subscribir a presente addenda que rexerese polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-

O obxecto desta addenda ao convenio de colaboración é realizar unha ampliación do período de vixencia dos investimentos para a realización de traballos arqueolóxicos na Illa de Tambo, (Poio, Pontevedra).

Segunda.-

Modifícase a cláusula oitava do convenio de colaboración que quedará redactada da seguinte maneira:

“A vixencia do presente convenio será dende o día da súa sinatura ata o 20 de decembro de 2025”.

Terceira.-

Mantense a vixencia do resto das cláusulas do convenio. Esta addenda intégrase no mesmo como parte inseparable co seu mesmo réxime xurídico e producirá efecto tras a súa sinatura por ámbalas dúas partes.

E en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda, no lugar e na data da última sinatura realizada.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

O alcalde do Concello de Poio

José López Campos

Ángel Moldes Martínez

